

PROGRAMACIÓN

AUDICIÓN E LINGUAXE

CURSO 2021-2022

ÍNDICE

1. ALUMNADO CON NEEAE ASOCIADAS A AUDICIÓN E LINGUAXE

1.1 OBXECTIVOS XERAIS

1.2 OBXECTIVO ESPECÍFICOS.

. CAPACIDADES FAVORECEDORAS.

. NIVEL FONÉTICO-FONOLÓXICO.

. NIVEL LÉXICO-SEMÁNTICO.

. NIVEL MORFOSINTÁCTICO.

. LINGUAXE COMPRENSIVO.

.PRAGMÁTICA.

. PROSODIA.

. VOZ.

. COMUNICACIÓN NON VERBAL.

2.CONTIDOS.

. CAPACIDADES FAVORECEDORAS.

. NIVEL FONÉTICO-FONOLÓXICO.

. NIVEL LÉXICO-SEMÁNTICO.

. NIVEL MORFOSINTÁCTICO.

. LINGUAXE COMPRENSIVO

.

. NIVEL PRAGMÁTICO.

. PROSODIA

. VOZ.

. COMUNICACIÓN NO VERBAL.

. LECTO-ESCRITURA.

3. COMPETENCIAS BÁSICAS

4.- ACTIVIDADES TIPO

5. RECURSOS MATERIAIS

6.METODOLOXÍA

7-ADAPTACIÓNS SITUACIÓN COVID-19.

SEMI-PRESENCIAL

NON PRESENCIAL

8.AVALIACIÓN

1. ALUMNADO CON NEEAE ASOCIADAS A AUDICIÓN E LINGUAXE

Este curso recibirán apoio de Audición e linguaxe 6 alumnos con NEE de carácter permanente dos cales 2 teñen ACI.

17 alumnos con DISLALIAS múltiples ,e todos aqueles casos que se iran incorporando ao longo do curso.

Este curso seguiranse as instrucións establecidas no **Protocolo Covid-19**, así como o **Protocolo de prevención da transmisión da Covid-19 no alumnado con NEE para o ámbito educativo**. Polo tanto seguiremos o establecido no PAADO (non se poden mesturar grupos de convivencia estable, non pode haber na aula máis de dous nenos) priorizaremos aqueles casos mas graves e as dislalias evolutivas no recibiran apoio directo senón que lle faremos un seguimento a través do mestre titor e da familia.

Considero importante mencionar que o horario do especialista de Audición e Linguaxe é insuficiente para atender a totalidade das necesidades do alumnado, polo que a resposta educativa neste ámbito non se axusta ás necesidades. Debido a esta circunstancia elaboramos uns criterios para la atención do alumnado con Neeae asociadas a Audición e Linguaxe en colaboración con o Departamento de Orientación.

** En primeiro lugar se atenderanse os nenos/as que teñan un diagnóstico médico relacionado coas necesidades de comunicación.*

**Daráselle prioridade as dislalias en Ed. primaria dado que en Ed. Infantil en numerosas ocasiónes son de tipo evolutivo e desaparecen por si soas.*

**No caso de que o horario de Audición e Linguaxe estea completo poderase establecer una lista de espera , o longo do curso iranse atendendo a medida que haxa algunha alta e queden ocos no horario.*

1.1 OBXECTIVOS XERAIS

- Incorporar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas do curso anterior.
- Facilitar ferramentas para levar a cabo un axeitado desenvolvemento emocional atendendo as características individuais e o momento actual da Covid-19.
- Coñecer e desenvolver medidas preventivas e de hixiene da Covid-19.
- Previr posibles trastornos E alteracións da linguaxe, estimulando de forma oral e facilitando as condicións para unha rehabilitación específica.
- Despertar no alumnado a conciencia do importante que resulta falar e escribir ben para relacionarnos con los demais.
- Favorecer as posibilidades expresivas do linguaxe mediante a participación activa do alumnado en xogos, conversas e actividades da vida cotiá.
- Potenciar a lectura reforzando a conciencia fonolóxica.
- Manter contactos periódicos cos titores e familias.

1.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

- Favorecer e mellorar a atención.
- Estimular a percepción auditiva e visual.
- Favorecer e mellorar a memoria.
- Fomentar a imitación directa.
- Desenvolver progresivamente a capacidade simbólica a través do xogo.
- Adquirir e utilizar as nocións espazo-temporais básicas.
- Mellorar o tipo e a capacidade respiratoria.
- Conseguir una axeitada coordinación fono-respiratoria.

. CAPACIDADES FAVORECEDORAS.

- Favorecer e mellorar la atención.
- Desenvolver a percepción auditiva e visual.
- Favorecer e mellorar a memoria.
- Fomentar a imitación directa.
- Desenvolver progresivamente a capacidade simbólica a través do xogo.

. NIVEL FONÉTICO-FONOLÓXICO.

- Conseguir un maior control da tonicidade dos órganos bucofonatorios, así como unha maior precisión e coordinación dos mesmos na articulación.
- Mellorar a capacidade de discriminación e integración léxica, silábica e fonémica.
- Aumentar a memoria auditivo-secuencial.
- Lograr a correcta articulación de todos os fonemas.
- Lograr a correcta articulación de ditongos crecentes e decrecentes.
- Lograr a correcta articulación dos grupos consonánticos.
- Integrar a articulación correcta na linguaxe espontánea.

. NIVEL LÉXICO-SEMÁNTICO.

- Aumentar o vocabulario e a capacidade de evocación.
- Incrementar a capacidade léxica a nivel comprensivo e expresivo.
- Comprender as relacións semánticas existentes entre as palabras.
- Ampliar o campo semántico do alumno mediante o desenvolvementos da capacidade para establecer asociacións, comparacións, clasificacións, categorizacións e definicións verbais.

. NIVEL MORFOSINTÁCTICO.

- Desenvolver o uso correcto dos distintos elementos morfolóxicos da linguaxe.
- Favorecer a conciencia sintáctica.
- Establecer e afianzar o esquema oracional simple.
- Desenvolver o uso de oracións compostas.

. LINGUAXE COMPRESIVO.

- Desenvolver a capacidade de interpretar e seguir ordes orais.
- Comprender o significado de frases de dificultade crecente.
- Desenvolver a capacidade de captar os detalles máis relevantes de relatos orais.

.PRAGMÁTICA.

- Desenvolver as funcións comunicativas orais axeitadas ao seu nivel de desenvolvemento.
- Desenvolver a capacidade de participar en conversacións de grupo.
- Desenvolver a capacidade de participar a nivel oral en actividades da vida cotiá.

. PROSODIA.

- Conseguir unha entoación expresiva axeitada ao contexto.
- Conseguir unha intensidade da fala axeitada ao contexto.
- Controlar que a velocidade de locución sexa normal.
- Realizar de forma axeitada as pausas no discurso oral.
- Utilizar o ritmo, entoación e intensidade axeitados a cada momento do discurso.

. VOZ.

- Implantar hábitos de hixiene nasal e rinofarínxea.
- Manter unha correcta coordinación fono-respiratoria, levando a cabo sempre a emisión vocal durante la expiración.
- Mellorar a calidade do timbre de voz, tratando de potenciar o uso das caixas de resonancia.

. COMUNICACIÓN NON VERBAL.

- Crear la necesidade de comunicarse no neno/a.
- Potenciar a linguaxe a través do corpo.
- Dotar dun instrumento para comunicarse: SAAC.
- Proporcionar aos seus posibles interlocutores/as as estratexias e habilidades conversacionais empregadas na comunicación.

2.CONTIDOS

. CAPACIDADES FAVORECEDORAS.

- Atención e percepción visual.
- Atención e percepción auditiva.
- Memoria.
- Imitación.
- Xogo simbólico.
- Organización espazo-temporal.
- Relaxación.
- Respiración.

- Ritmo.

. NIVEL FONÉTICO-FONOLÓXICO.

- Mobilidade dos órganos fonoarticulatorios.
- Discriminación e integración fonémica.
- Memoria secuencial-auditiva.
- Articulación.

. NIVEL LÉXICO-SEMÁNTICO.

LÉXICO

- Vocabulario básico: designación-denominación.
- Sinónimos e antónimos.
- Palabras homónimas.
- Familias léxicas.

SEMÁNTICO

- Asociacións verbais.
- Comparación e diferenciación.
- Clasificación e categorizacións.
- Definición.

. NIVEL MORFOSINTÁCTICO.

MORFOLOXÍA

- Clases de palabras: artigos, determinantes, substantivos, adxectivos, verbos, pronomes, preposición, conxuncións, adverbios.
- Concordancias de xénero e número.
- Concordancias verbais.
- Prefixos e sufixos

SINTAXE

- Oracións simples: afirmativas, negativas, interrogativas...
- Estructuras sintácticas: S-V/S-V-CD

/S-V-CC/ S-V-CD-CC/ S-Vcop-Atrib/ S-V-CD-CI.

- Oracións compostas: coordinadas, subordinadas.

. LINGUAXE COMPRENSIVO.

- Seguimento de ordes con dificultade crecente.

- Historias, contos, descrições orais..

- Lóxica verbal.

-Comprensión do linguaxe implícito.

. NIVEL PRAGMÁTICO.

- Funciones e uso da linguaxe.

- Competencia na conversación.

. PROSODIA.

- Elemento prosódicos da fala: ritmo, entoación, intensidade, tempo, pausa...

. VOZ.

- Hixiene vocal.

- Control postural.

- Relaxación.

- Respiración.

- Emisión vocal: impostación e articulación.

- Coordinación fono-respiratoria.

. COMUNICACIÓN NO VERBAL.

- Intencionalidade comunicativa.

- Expresión de emociones

- Comunicación por imaxes e obxectos.

- Comunicación por xestos.

- Comunicación por manipulación.

- Comunicación por sinalización.

- Os SAAC.

. LECTO-ESCRITURA.

- Habilidades metafonolóxicas.
- Asociación fonema-grafema
- Mecánica lectora: entoación, ritmo e puntuación.
- Comprensión lectora.

3. COMPETENCIAS BÁSICAS

Os contidos de audición e linguaxe están relacionados coas seguintes competencias e traballaranse de forma global:

- 1.Competencia en comunicación lingüística.
- 2.Competencia matemática.
- 3.Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico.
- 4.Tratamento da información e competencia dixital.
- 5.Competencia social e cidadá.
- 6.Competencia cultural e artística.
- 7.Competencia para aprender a aprender.
- 8.Autonomía e iniciativa persoal.

4.- ACTIVIDADES TIPO

CAPACIDADES FAVORECEDORAS ATENCIÓN e PERCEPCIÓN VISUAL

o Permanecer sentado (tempo: min).

O Mirar á persoa que fala.

O Manter o contacto ocular.

O Mirar persoas, obxectos, lugares que se le indican.

O Mirar no espello: a sí mesmo, a outras persoas ou obxectos.

O Recoñecer obxectos, persoas... representadas en fotografías.

recoñecer obxectos, persoas, lugares...representados en debuxos de láminas e libros.

O Emparellar obxectos, fotografías/debuxos iguais.

O Discriminar formas dentro dun fondo.

ATENCIÓN E PERCEPCIÓN AUDITIVA

- o Reaccionar ao escoitar o seu nome.
- O Discriminar ruído, son, silencio.
- O Orientarse en dirección ó son.
- O Recoñecer entre varios o obxecto/instrumento que sona.
- O Recoñecer diferentes voces (de home, muller, neno, ancián)
- o Discriminar entre sons iguais o diferentes (en relación a ruídos ambientais, música, palabras illadas o frases).
- O Recoñecer onomatopeas oídas asociándoas con o obxecto o imaxe correspondente .

MEMORIA

- o Lembrar onde se gardan los obxectos de uso cotiá.
- O Atopar obxectos escondidos ante a súa vista.
- O Recoñecer obxectos e debuxos vistos anteriormente.
- O Repetir ordenadamente series de obxectos/debuxos presentados previamente.
- O Lembrar xestos e anacos de cancións.
- O Lembrar secuencias de sons (2, 3,4...).

IMITACIÓN

- o Imitar o xesto de dicir adeus coa man.
- O Imitar posturas e desprazamentos (levantar brazos, camiñar...).
- o Imitar accións simples (comer, beber, durmir, chorar, bailar...).
- o Imitar expresións faciais (alegría, tristeza, enfado, medo, dor...).
- o Participar en xogos simbólicos (limpar, dar de comer a un boneco...).
- o Imitar ruídos e sons da natureza.
- O Realizar imitacións vocálicas.

XOGO SIMBÓLICO.

ORGANIZACIÓN ESPAZO-TEMPORAL

- o Realizar accións antes-despois dunha sinal dada.
- O Ordenar series temporais de 2, 3, 4 o 5 elementos.

RELAXACIÓN

- o Apertar/afrouxar distintas partes do corpo.
- O Relaxar as diferentes partes del corpo.
- O Relaxar os órganos fonoarticulatorios.

RESPIRACIÓN

- o Soarse correctamente.
- O Inspirar e expirar pola nariz mantendo a boca pechada.
- O Exercicios de coordinación respiratoria (inspiración-pausa-aspiración).

RITMO

- o Acompañar cancións con xestos rítmicos alusivos.
- O Seguir diferentes ritmos con elementos musicais e corporais alternando forte-fluxo, rápido-lento.

NIVEL FONÉTICO-FONOLÓXICO

MOBILIDADE DE LOS ÓRGANOS FONOARTICULATORIOS

Exercicios cos órganos fonoarticulatorios (labios, lingua, mandíbula,):

DISCRIMINACIÓN E INTEGRACIÓN FONÉMICA

- o Discriminar palabras foneticamente relacionadas.
- O Repetir sílabas e palabras sen sentido.
- O Contar as sílabas das palabras.
- O Recoñecer la sílaba tónica de cada palabra.
- O Encadear palabras.
- O Encontrar palabras que riman.
- O Discriminar los elementos vocálicos de las palabras.

- O Dicar palabras que conteñan un fonema o sílaba determinados.
- O Discriminar fonemas en distintas posicións nas palabras.
- O Completar palabras a las que lles falta algunha sílaba.

MEMORIA SECUENCIAL AUDITIVA

- o Repetir series de 2,3,4 o máis palabras.
- O Repetir frases de complexidade crecente.
- O Aprender cancións, adiviñas, trabalinguas...

ARTICULACIÓN

- o Presentación do fonema a traballar (con xestos de apoio e onomatopeas).
- O Exercicios de aproximación al fonema.
 - O Exercicios de articulación del fonema: de forma illada, en sílabas, en palabras e en pseudopalabras.
- O Exercicios de repetición automatización.
- O Exercicios de xeneralización do fonema a linguaxe espontánea.

NIVEL LÉXICO-SEMÁNTICO

LÉXICO

- o Identificar/denominar partes e elementos corporais (en si mesmo/en outros/en imaxes).
- O Aprendizaxe de contrarios por oposición.
- O Exercicios de sinónimos.

SEMÁNTICA

- o Asociar imaxes/palabras seguindo criterios funcionais, contextuais ou de categoría semántica.
- O Establecer semellanzas e diferencias entre pares de imaxes/palabras referidas a rasgos externos ou funcionais.
- O Enumerar cousas que pertencen a unha categoría semántica.
- O Definir imaxes/palabras pola utilidade das mesmas.
- O Nomear as palabras que se corresponden a cada definición dada.

NIVEL MORFOSINTÁCTICO

MORFOLOXÍA

- o Formación de plurais regulares e irregulares tomando como instrumento de referencia debuxos (Isto es un can e estes dous.....)
- o Formación do xénero: regulares e irregulares (podemos ir engadindo artigos)
- o Asociar palabras según o xénero/número.
- O Usar as concordancias de xénero/número entre “determinante-substantivo-adxectivo” e entre “suxeito-verbo”.
- O Verbos en presente, en pasado e en futuro, introducindo os términos agora-hoxe, maña...

SINTAXES

- o Empregar a palabra-frase.
- O Utilizar combinacións de dúas ou máis palabras formando frases.
- O Empregar oracións simples de distintas estruturas.
- O Empregar oracións compostas (coordinadas/subordinadas).
- O Formar frases a partir de unha ou máis palabras dadas.
- O Completar frases incompletas.
- O Por en orde frases a partir de palabras dadas.

LINGUAXE COMPRENSIVO

- o Seguir instrucións
- o Executar ordes que implican una acción/duas ou máis accións relacionadas/dos o más acciones no relacionadas.
- O Identificar frases con erros.
- O Sinalar o debuxo que mellor se corresponde con un mensaxe dado.
- O Ordenar viñetas sobre historias oídas.
- O Contestar a 1,2,3... todas as preguntas sobre una historia oída.
- O Resolver acertos e adiviñanzas.

NIVEL PRAGMÁTICO

- o Saudar e despedirse.
- O Solicitar desexos e necesidades básicas.
- O Expressar as súas preferencias, opinións, sentimentos.
- O Usar fórmulas de cortesía: ola, bos días, ata mañá, gracias, perdón...
- o Empregar si / non.
- O Contestar a preguntas sobre as súas necesidades básicas , datos persoais, entorno...

PROSODIA

- o Exercicios de repetición sistemática de sons seguindo unhas secuencias temporais, acompañándoas con ritmo corporal (exemplo: pan, pan, pan, mesa, pan, pan, pan, mesa,... Pan = salto cos pes xuntos. Mesa = dous pasos)
- o Exercicios de ritmo da linguaxe con cancións populares.
- O Empregar diferentes ritmos de emisión: lento (“somos un robot”, “ n acabamos as pilas”...), rápido (imitamos un comentarista de fútbol).
- O Recitado de poemas, trabalinguas... mediante modelado.
- O Exercicios de entoación de frases exclamativas e interrogativas crecentes ye decrecentes (¿Como te Chamas? ¿Onde vas?)
- o Pronunciar unha mesma frase con diferentes entoacións (Está chovendo/ ¿está chovendo?/ ¡está chovendo!)
- o Utilizar a entoación para expresar distintas intencións e sentimentos (interrogación, admiración, orde, suplica, petición, enfado, desprezo, alegría...)
- o Pronunciar unha mesma frase con diferentes intensidades.
- O Imitar o volume da radio, que fala con maior o menor intensidade.

VOZ

- o Exercicios de hixiene vocal.
- O Exercicios de control postural.
- O Exercicios de relaxación dos órganos fonoarticulatorios.
- O Exercicios respiratorios.
- O Exercicios de ximnasia articulatória.
- O Exercicios de vocalización.

- O Exercicios de emisión de sílabas, palabras, frases.
- O Exercicios de discurso oral: cancións, poesías, prosa.

COMUNICACIÓN NO VERBAL.

- O Interacción con los demais por iniciativa propia.
- O Expresar as emociones con berros, risas, choros...
 - o Recoñecer e exercitar as expresións da cara diante do espello: alegre, triste, cansa, distraída... Ídem con debuxos.
- O Dar un obxecto ó adulto para expresar unha necesidade.
- O Sinalar imaxes para pedir ou mostrar algo.
- O Empregar xestos sinxelos para expresar necesidades e para saudar.
- O Dicar “si-non” con xestos.
- O Levar obxectos a outras persoas para indicarlles que fagan algo con eles.
- O Tocar o obxecto que quere e mirar ó adulto para que este responda.
- O Empregar algún sistema alternativo/aumentativo.

LECTO-ESCRITURA

- o Exercicios de conciencia fonolóxica:
 - Identificar rimas.
 - Recoñecer sons compartidos por pares de palabras.
 - Dividir palabras e sílabas.
 - Deletrear palabras e sílabas.
 - Illar segmentos iniciais, medios e finais.
 - Transformar palabras por adición, omisión ou inversión.
- O Lectura a través da interpretación de signos, debuxos, pictogramas, imaxes...
- o Discriminación auditiva de fonemas.
 - O Lectura de sílabas de complexidade crecente.
 - O Asociar palabra - imaxe.
 - O Ler palabras e frases.
 - O Formar grupos de palabras semellantes foneticamente para lelas .
 - O Segmentación de frases oídas/lidas a través de palmadas.
 - O Lectura de textos con un coñecemento previo do contido.
 - O Exercicios de comprensión lectora.
 - O Discriminación visual de fonemas.

- O Escritura de fonemas.
- O Escritura de palabras con apoio visual.
- O Segmentación de frases escritas.
- O Copias e ditados.
- O Composicións escritas.

5.- MATERIAL

RECURSOS ORGANIZATIVOS.

En relación aos espazos das aulas dos especialistas seguíronse da mellor forma posible as directrices establecidas no protocolo Covid-19, procurando manter as distancias, instalacións de mamparas , pantallas etc...

Este ano non utilizarei os materiais de sopro na aula senón que estas actividades as mandarei para casa.

- Material de sopro:velas, instrumentos de vento, pitos, pompas, globos, pelotas, espirómetro...
- Para traballar o léxico:vocabulario distribuído en caixas (substantivos, verbos, adxectivos...), “dominó de opostos”, “bingo ilustrado” de la editorial Eli, “o dominó de cada día”, “lecto foto”, “scrabble”, “dados de letras” de la editorial Nardil, láminas de vocabulario por campos semánticos, o xogo da oca ,...
- Para traballar la morfosintaxe:tarxetas de preguntas, láminas de imaxes, “formación de frases” de la editorial Nardil, “enséñame a hablar” del Grupo Editorial Universitario, dados de historietas. Para traballar a construción gramatical un tendal, no que se colgan as diferentes palabras ou imaxes para facer as estruturas (simulando “o tren de las palabras” de Marc Monfort e Adoración Juárez).
- Para traballar a conciencia fonolóxica e silábica: letras imantadas, tarxetas cas distintas sílabas, “dados de letras” da editorial Nardil, “dominó silábico” da editorial Nardil...
- Para traballar a discriminación auditiva:cintas de discriminación auditiva visitar a paxina web de Eugenia Romero.

Como material informático utilizaremos:

- O Pequeabecedario.

- Xoga con Simón.
 - Hamlet (programa para favorecer Os conceptos fonolóxicos).
 - Di (programa de iniciación a la lectura labial).
 - O español é fácil.
 - Biblioteca de signos.
 - Vamos a xogar coas palabras. Editorial CEPE.
 - Vocabulario básico en imaxes.

 - Aprende a ler con Pipo.
 - Actividades del Clic 2000.
 - Trampolín (Educación Infantil de 18 meses a 3 años, de 2 a 4 años o 2º ciclo de 3 a 6 años).
 - Teo.
 - A gran aventura das palabras.
 - Mickey (1º ciclo o 2º ciclo de Educación Infantil).
 - Adibú.
- * Contos con pitos descargados da web "aprendices visuales".

6.- METODOLOXÍA

Podemos dicir que o núcleo de referencia básica da metodoloxía estará baseado nos principios da aprendizaxe significativa:

- 1 Partir del nivel de desenvolvemento do alumno/a e das aprendizaxes previas.
- 2 Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñan sentido para os alumnos co fin de que sexan motivadoras.
- 3 Fomentar situacións nas que os alumnos poidan levar a cabo o aprendido individualmente (aula de audición e linguaxe).

As actividades publicaranse quincenalmente/mensualmente (dependendo dos casos) na aula virtual do centro para que os nenos/as poidan reforzar as aprendizaxes adquiridas no momento en que se suspendan as clases presenciais.

En canto ao **tempo** para a realización das mesmas, dicir que as levarán a cabo de xeito flexible, priorizando as tarefas que lles manden os titores.

As actividades para o alumnado con Neeae están presentadas en **tres formatos** diferentes, segundo as características do alumno/a e dos recursos telemáticos que posúe:

- Actividades interactivas a través da páxina web do centro: para traballar os procesos psicolóxicos básicos, a relaxación, reforzo das linguas .
- Actividades en fichas: para traballar a lectoescritura, os contidos das linguas.
- Videos- titoriais: para ensinar a signar os fonemas correspondentes as distintas grafías ou, por exemplo, traballar as emocións.
- **Tamén levamos a cabo a titorización** daqueles alumnos que teñen maiores dificultades, enviándolle material específico en coordinación con outra mestra, a cal se encarga de enviarllo e recibilo.
- **Os materiais** que empregamos:
- Páxina web do centro con materiais interactivos e páxinas web que conteñen diferentes materiais.
- Libros de lectoescritura e fichas logopédica.
- Vídeos...

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

- Na páxina web do noso centro, facilitamos os nosos correos electrónicos por se as familias teñen calquera tipo de dúbida ou consulta.

A nosa comunicación máis habitual é a través dos titores/as, cos cales nos coordinamos para enviar/recibir os materiais ao alumnado. Tamén o facemos a través do correo electrónico ou do teléfono.

7.ADAPTACIÓNS COVID-19

PRESENCIAL

Atenderase o redactado nesta programación.

NON PRESENCIAL/SEME-PRESENCIAL

Alumnado no ámbito familiar, fará uso da aula virtual onde os especialistas colgarán material xeral, o material especializado enviarase a través do titor en coordinación e estes faranllo chegar as familias. Ademais os especialistas facilitaremos os nosos correos

electrónicos e os teléfonos de contacto para atender calquera dúbida das familias ou facilitar o acceso aos traballos.

Dado o estado de alarma decretado polo goberno central, os especialistas de Pedagogía Terapéutica e audición e linguaxe do CEIP ADR Castelao de Ordes, vímonos na obriga de facer adaptacións tanto na metodoloxía coma nas actividades previstas para este curso.

8.SEGUIENTO E AVALIACIÓN

Durante este curso 2021/22 en función do traballo recibido, ben directamente ou a través do titor, co cal manteremos plena coordinación e colaboración á hora de tomar decisións.

Un dos criterios para a avaliación será a entrega das tarefas realizadas ben sexa ao titor ou ao especialista. E por suposto o grado de implicación e execución das actividades do día a día na aula de audición e linguaxe.

Independentemente do tipo de ensino (presencial, non presencial, semipresencial) avaliarase a cada alumno de maneira coordinada co mestre-titor, facilitando a información da que dispoñamos.